

UNHA GRAN MULLER (BEANPOLE)

Kantemir Balagov, 2019

618

ESTREA EN NUMAX: 20.12.2019 | V.O.S.E. | TP | +12

Dylda (Beanpole) (2019, 130')

Dirección: Kantemir Balagov

Guión: Kantemir Balagov, Aleksandr Terekhov

Elenco: Viktoria Miroshnichenko, Vasilisa Perelygina, Konstantin Balakirev, Andrey Bykov, Olga Dragunova, Timofey Glazkov

Son: Rostislav Alimov, Stepan Sevastianov

Música: Evgueni Galperine

Fotografía: Kseniya Sereda

Montaxe: Igor Litoninskiy

Vestuario: Olga Smirnova

Produtora: AR Content Non-Stop Productions (Rusia)

Distribuidora: BTeam

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Ruso

FILMOGRAFÍA

Demasiado cerca, 2017

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Mellor Dirección Un Certain Regard), Premios do Cinema Europeo (Nomeada Mellor Actriz – Viktoria Miroshnichenko—)

SINOPSE

Leningrado, 1945. A Segunda Guerra Mundial devastou a cidade e derrubou os seus edificios, deixando os seus cidadáns na miseria tanto a nivel físico como psíquico. O asedio (un dos peores da Historia) rematou, a vida e a morte continúan combatendo no desastre que a guerra deixa tras de si. Dúas mulleres novas, Iya e Masha, tentan atopar un sentido ás súas vidas para reunir forzas de cara a reconstruír a cidade.

«Imponente. A incuestionábel beleza de raizame pictórica, as agudas interpretacións e o traballado transfondo psicolóxico dos personaxes fan de *Beanpole* unha experiencia de grande intensidade»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



UNHA GRAN MULLER (BEANPOLE)

Kantemir Balagov, 2019

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“De querer vivir o presente pode xurdir algo novo”

Entrevista con Kantemir Balagov

A protagonista pregúntase por que en Rusia sempre hai guerras. Ten algunha resposta?

O filme está ambientado na cidade onde medrei e lémbroa como un lugar escuro. Esa frase di unha gran verdade, pero non teño resposta. Durante a miña infancia secuestrados como o do filme eran comúns pero non tiñan nada que ver con conflitos políticos ou prexuízos raciais, eran unha maneira de gañar diñeiro.

O feito de que os protagonistas sexan xudeus empeora as cousas?

Non os secuestran por ser xudeus nin nada polo estilo. Cando os xudeus marcharon do Cáucaso continuaron os secuestros. En Rusia hai un antisemitismo máis sutil, non é algo que se manifeste na rúa. O que si hai é un nacionalismo atroz. Iso de «o meu pobo é o mellor», que fai moito dano. En *Demasiado cerca* reflectimos un ambiente moi concreto e pechado, de familias moi conservadoras que se vivían as unhas ás outras. Agora mesmo a maioría deses xudeus emigraron a Estados Unidos ou a Israel.

Hai espazo para a bondade nunha contorna tan difícil?

Creo que o tema da película é como habilitar un espazo na nosa alma para querer a alguén. O amor non é algo que veña dado, debemos pelexar por el, e a loita empeza por un mesmo, por atopar ese lugar. Ao mesmo tempo, ese lugar vólvese real, físico, nun lugar como o Cáucaso no que conviven moitos pobos e deben facer un esforzo por convivir.

Convértese a protagonista nun símbolo dunha liberación frustrada?

Quero amosar unhas familias demasiado rixidas e conservadoras que non dan opcións aos seus fillos. Ese mundo é como unha prisión. Coa protagonista quería ofrecer unha esperanza co cambio de xeración, atascámonos moito no pasado pero queremos vivir o presente. Dese querer vivir o presente é onde pode xurdir algo novo.

Publicada en elcultural.com

Declaración de intencións do director

É moi importante para min o feito de que a miña historia transcorra en 1945. Os meus heroes, como a cidade onde viven, están inmersos nunha guerra terríbel. Viven nunha cidade que aturou un dos asedios peores na historia de guerra. Isto é unha historia sobre eles e sobre persoas que se coñecen en Leningrado, sobre os obstáculos que teñen que superar e como os trata a sociedade. Quedaron psicoloxicamente eivados pola guerra e levaralles tempo aprender a vivir as súas vidas con normalidade.

Interésanme os destinos das mulleres, especialmente os daquelas que loitaron na Segunda Guerra Mundial. Parece que esta foi a guerra coa participación máis alta de mulleres. Como autor, interésame atopar resposta á cuestión: que lle sucede a unha persoa que se supón que debe dar vida despois de pasar as probas da guerra?

O filme ten unha paleta de cores particular. Cando comecei a analizar os

diarios de persoas que viviron naquel tempo, aprendín que malia os transos e a devastación, estiveron rodeadas de cores brillantes cada día. Este conflito entre cores brillantes e natureza da vida na posguerra tamén me resulta moi interesante.

O libro *La guerra no tiene rostro de mujer* da premio Nobel Svetlana Alexievich foi a miña inspiración principal para este filme. Abriume a un mundo novo para min. Dinme conta do pouco que sabía sobre a guerra e sobre o rol das mulleres na guerra. Isto levoume a outro pensamento: qué lle pasaría a unha muller coa guerra rematada, despois dun cambio tectónico na súa mente e na súa natureza, a violación da súa natureza.

Leningrado foi especialmente importante para min como a cidade que sobreviviu a este terríbel asedio, e as consecuencias do asedio son importantes no filme. Era vital sentir este espazo e o fondo do filme, e aínda hoxe o podes sentir alí.

Sentimos as consecuencias da guerra no espazo onde tiveron lugar as accións, e na paleta de cores do filme. Pero o máis importante son os destinos desas persoas heroicas, amosar as consecuencias da guerra a través das faces, dos ollos, das psiques, dos corpos, non só a través dos edificios destruídos ou abandonados.

Publicado en bteampictures.es

Traducción: Olalla Cociña

O director

Kantemir Balagov naceu en Nalchik (Rusia) en 1991. *Unha gran muller (Beanpole)* é o seu segundo filme, tras o seu debut con *Demasiado cerca* (2017), premiada en Cannes (Un Certain Regard) e tamén galardoadada co premio FIPRESCI. Balagov graduouse no seminario de Alexander Sokurov na República de Kabardino-Balkaria en 2015. *Unha gran muller (Beanpole)* foi seleccionada en Cannes (Un Certain Regard).

NA LIBRARÍA NUMAX

La guerra no tiene rostro de mujer, Svetlana Alexievich. Punto de lectura

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

